



Concello de Cuntis

VI CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE 2019 BASES

As presentes bases teñen por obxecto regular a participación no VI Certame de Pintura ao aire libre "CUNTIS 2019", que terá lugar o día 17 de maio de 2019 no Concello de Cuntis.

1. Poderán participar no concurso calquera persoa maior de idade que o desexe. O dereito de inscrición será gratuíto.

2. Para participar deberase cubrir unha folla de inscrición que se pode entregar das seguintes maneiras:

-A través dos correos electrónicos: cultura@concellodecuntis.es / omix@concellodecuntis.es

-Persoalmente na O.M.I.X., sita no Centro Sociocultural e Xuvenil José Raído "Patelas", rúa Xohán Xesús González, nº 10, 36670 Cuntis

-Cubri-la no mesmo día do certame entre as 9:00 e as 11:30 horas.

4. O estilo é libre. A temática: rúas do casco urbano de Cuntis.

5. Cada participante presentará unha soa obra. O soporte será sobre estrutura ríxida, fondo branco, sen texturas, nin outras aplicacións previas. As dimensións non serán superiores a 110 cm. nin inferiores a 50 cm. por calquera dos seus lados. Non se permitirá o uso de fotografías, ordenadores, cámaras, medios ou materiais fotográficos.

6. O material necesario para desenvolver a actividade será por conta do participante, incluíndo obrigatoriamente o cabalete para a exposición.

7. O horario de selado dos lenzos será desde as 9:00 ata as 11:30 horas na Casa de Cultura "Roberto Blanco Torres". Poderán selarse dous soportes pero só se entregará un para o concurso. Co selado dos lenzos entregarase un avituallamento a cada participante.

8. A Organización facilitará aos participantes rueiro do Concello de Cuntis, e terán que elixir un lugar de realización da obra dentro da zona sombreada. Así mesmo, esta deberá executarse IN SITU. Non se admitirán traballos pintados mediante foto.

As obras participantes serán entregadas ese mesmo día ao xurado na Casa de Cultura ás 18:00 horas sen marca, sinal nin sinatura, agás as que a Organización utilizará para o seu control.

9. As obras expoñeranse na praza das Árbores de 18:00 a 19:30 horas para a valoración do xurado.

A partir das 18:00 horas as obras poderán ser visitadas polo público e deberán ter en lugar visible o número de control.



Concello de Cuntis

A partir das 19:00 horas emitirase o fallo do xurado e entregaranse os premios. Coñecidas as obras premiadas, os autores firmarán as mesmas en presenza dun membro da Organización.

Ás 20:00 horas darase por rematado o Certame.

10.As obras non premiadas serán retiradas polos seus propietarios ou propietarias aportando o DNI ou documento acreditativo que identifique a identidade da autora ou autor e poderán ser vendidas ou poxadas no recinto unha vez rematada a entrega de premios. A comisión organizadora poñerá o máximo coidado no desenvolvemento e conservación das obras pero non se responsabiliza dos danos que puideran sufrir por causas alleas, así como tampouco se responsabiliza dos danos que puideran sufrir calquera participante ou causar este.

As obras premiadas pasarán a ser propiedade da Organización ou dos seus patrocinadores ou patrocinadoras e resérvase o dereito de reprodución. Cada participante acepta que se fotografe ou filme a súa persoa e cede os dereitos de imaxe á Organización para posibles arquivos ou reproducións en medios de prensa.

11.O xurado darase a coñecer o día do certame.

12.Establécense os seguintes premios:

CATEGORÍA DE PREMIOS:

- Primeiro premio, : 1.000,00 € doado polo Concello de Cuntis
- Segundo premio: 700,00 € doado por entidade privada
- Terceiro premio: 400,00 € doado por entidade privada

ACCÉSITS:

- Primeiro accésit doado por Restaurante A Tenda da Ponte: 100 €
- Segundo accésit doado por ACURTURALIEZA: caixa de tres botellas de viño de D.O.

Os premios están suxeitos ás oportunas retencións do IRPF e, a excepción do primeiro que será por transferencia, serán aboados o día do certame, unha vez rematado o mesmo.

13.A Organización resérvase o dereito de facer modificacións ao tomar iniciativas non reguladas nas bases, sempre que contribúan ao mellor desenvolvemento do certame. Calquera dúbida, aclaración ou reclamación presentarase á comisión organizadora.



Concello de Cuntis

14.O certame poderá suspenderse por causas de forza maior ou por falta de asistencia mínima ao evento, previo aviso ás persoas inscritas ata o momento.

15.Os premios poderán quedar desertos se se considera que a calidade das obras non é a esperada.

16.Estas bases publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, nas Redes Sociais e no Boletín Oficial da Provincia.

17.O feito de participar neste certame supón por parte dos autores e autoras a conformidade absoluta das bases e a total conformidade co fallo do xurado.

Máis información sobre o certame: Departamento de Cultura e Xuventude, tel.: 986533600 / cultura@concellodecuntis.es / omix@concellodecuntis.es / www.facebook.com/omixc / www.concellodecuntis.es